


W FIADDEIRO W

##### \* #####



Fin de curso 87-88

C. P. BELUSO

# SUMARIO

PORTADA: Profesores de Informática

TRABALLO LITERARIOS: Rosa M<sup>a</sup> Estévez Estévez, 8<sup>o</sup> A  
Lucía Feijoo Siota, 7<sup>o</sup> A  
Lucía López Corredoira, 7<sup>o</sup> A  
Juan J. García de la Torre, 6<sup>o</sup> B  
Minia Mesa Tarrío, 4<sup>o</sup> B  
Teresa Solla Moares, 6<sup>o</sup> A

MAIO BELUSO 88: "Os loretos da Escola"

ENCUESTA: Alumnos de OCTAVO-A

DEPORTES: D. Luis Pereiro Alvarado

RUMORES: De la Rumorología Popular

O SAÚDO FOI FEITO POLAS ALUMNAS DE OCTAVO-A :

Rosa M<sup>a</sup> Estévez Estévez  
M<sup>a</sup> José Vidal Regueira  
Encarnación Paredes Torres  
Rosa Ana García Ferradás

# Saúdo

Este é o último ano que podemos colaborar no "FIADEIRO", o noso querido e xa vello xornal escolar. Desde esta páxina déronnos a oportunidade de recordar, saudar, despedir e da-las gracias.

Queremos recordar a D. Ramón Otero Pedrayo, insigne escritor galego, ourensán, ó cal se lle adica este ano o reciente Día das Letras Galegas, coincidindo co centenario do seu nacemento.

Queremos tamén saudar. Saudamos a tódalas persoas que fan posible que haxa as actividades extraescolares das que gozamos neste noso Colexio: Máquina de escribir, Costura, Baile, Gaita, Coro, Ximnasia, Informática, Artes Marciais, Deportes.....

O noso agradecemento a todas aquelas persoas que, coa súa colaboración e axuda, fan posible o noso xornal escolar.

Do mesmo xeito, agradecemos ós mestres a súa laboura, darlle-las gracias por ensinarnos, aturarnos e axudarnos ó longo destes anos que estivemos na escola. A moitos deles, que agora xa non están no Colexio, mandámoslle un saúdo para que sepan que non os olvidamos.

Gracias tamén á Asociación de Pais de Alumnos pola axuda que ano tras ano veñen prestando.

Xa recordamos, xa saudamos, xa damos-las gracias, fáltanos agora o momento máis difícil, que é facer unha despedida. Despedímonos do noso vello Colexio, dos nosos queridos compañeiros, cada un de nós seguirá agora un camiño distinto, e deses outros compañeiros nosos que ó longo de oito anos estiveron con nós: os mestres.

Quédannos moitas máis cousas por dicir, pero só queremos nestas derradeiras liñas do noso saúdo animar a tódolos nenos do Colexio para que o próximo ano envíen moitos máis traballos para seguir adiante no camiño do Xornal escolar.

!!! A T A S E M P R E, A M I G O S !!!

Rosa María Estévez Estévez  
M<sup>a</sup> José Vidal Regueira  
Encarnación Paredes Torres  
Rosa Aba García Ferradás

# TRABALLOS LITERARIOS

Os traballos literarios van adicados ó DIA DAS LETRAS GALEGAS. Recóllense neste apartado as composicións premiadas no concurso organizado polo Axuntamento de Bueu.

## "GALICIA" (Lucía Feijoo Siota, 7º A)

Galicia é a nosa terra, unha terra fértil e rica coma a que máis. Terra de labregos, poetas e pescadores, onde os campos florecen e onde se sementan as terras, que dan deliciosos fróitos que vendemos para mellora-la súa economía. Os pescadores saen ó mar e pescan o orgullo da nosa terra: nécoras, vieiras, ostras, mexilóns e toda clase de peixes.

Aquí naceron grandes poetas, como Rosalía, Castelao e Otero Pedrayo, a quen lle adicamos este ano o DIA DAS LETRAS GALEGAS.

Noutro tempo a nosa terra veuse afectada pola emigración. A xente emigraba a outras terras, aínda sentindo morriña de Galicia, pero a pobreza inundábaos, sentían fame e Galicia non lle daba o alimento que necesitaban para levar á boca.

Galicia quedou valeira, soa e pobre, mentras os galegos buscaban fortuna noutros países. Moitos deles non voltaron e os que o fixeron poden ver como Galicia vai prosperando, a súa economía e a súa cultura.

As tradicións de Galicia aínda non se perderon gracias ás xentes do rural, e agora están rexurdindo cada vez máis, os seus hórreos de pedra, cos seus cruceiros, os bailes rexionais, as nosas típicas gaitas, os fermosos maios adornados con frescas flores e, cómo non, as numerosas e non menos famosas romarías.

Aínda quedab moitos pobos apartados, ó millor nun mesto, bosco onde aínda as xentes viven do campo e as casas son de pedra e pizarra.

Anque tamén non hai quẽ esquencer que o progreso avanza e as cidades medran. Eu espero que nunca Galicia chegue a ser un gran conxunto de casas, senón que teña campos polos que brincar, fontes nas que beber fresca auga e un mar limpo, cheo de peixes. Así quero que sexa Galicia, a nosa Galicia feiticeira.

## O DETERIORO DO MEDIO AMBIENTE (Lucía López Corredoira, 7º A)

O noso medio está moi deteriorado pola nosa culpa. As xentes non deixan de perxudicalo, ás veces fano sen querer, pero a maioría delas fano pola súa comodidade.

Hai persoas que negan isto porque creñen moi cultas e eu voules didir

algúns problemas nos que eles tamén contribúen.

Temos unha detestable e cheirenta fábrica que non para de contami-  
na-la río na que os peixes están morrendo, peixes dos que a xente deste  
pobo sacaba algúns cartiños para poder merca-lo pan que os alimentaba,  
xente que agora non ten que levarse á boca. Xunto coa contaminación da  
ría esa fábrica está acabando cos nosos montes, os cales posuían árbores  
que axudaban a rematar coa contaminación, árbores que agora están axudan-  
do á fábrica a rematar coa Natureza.

Axudando á fábrica están ademáis esas persoas que non pensan o que  
fan e prenden fogo nos montes, rematando así coas árbores.

Nós, aínda que non fagamos nada diso, tamén contaminamos e deterio-  
ramo-lo medio cando tiramos papeis e demáis cousas polos boscos e as  
estradas, cousa que, queiramos ou non, facemos por comodidade.

Antes non se tiñan medios para dete-lo deterioro do medio, pero  
agora nós sí podemos, se deixamos de ser tan laozáns, se colocamos corta-  
fogos e se instalamos nas fábricas purificadoras para que non pasen esas  
tremendas desfeitas e poidamos disfrutar da nosa Galicia.

Se non intentamos deter estas destrucións, aquilo polo que os no-  
sos antergos loitaron por conservar, quedará feito cinzas. Pero se pola  
contra, emprendemos unha loita contra a destrución, os nosos descenden-  
tes poderán disfrutar dunha Galicia limpa e fermosa.

Estreitemo-las mans e loitemos por unha Galicia mellor.

### "O DIA DAS LETRAS GALEGAS" (J.J.García de la Torre)

O día das Letras Galegas  
imos a celebrar,  
imos falar en galego  
e tamén imos xogar.

No día das Letras Galegas  
Galego vou a falar  
vou fala-la miña lingua  
e da lingua disfrutar.

O dezasete de Maio  
día das Letras Galegas  
Ramón Otero Pedrayo  
hoxe está de festa.

A R. Otero Pedrayo  
este ano está adicado  
o día das Letras Galegas  
e queremos celebra-lo.

Que contento estou  
neste día de maio  
como galego que son  
énchome de falalo.

Que día máis fermoso  
o dezasete de maio  
que hoxe está adicado  
a Otero Pedrayo.

Día de Galicia  
como galego que son  
hoxe quero decirthe  
que ti es o meu amor  
e eu o teu amor son.

"A ALDEA EXTRAÑA" (Minia Mesa Terrío, 4º B)

Nunha aldea lonxana vivía un neno e a súa familia, e moitas máis familias, onde non se facían casas senón que vivían debaixo da terra e das pedras. Os paxaros en vez de piar, ladaban, os cans en vez de ladrar, maullaban e os gatos en vez de maullar, piaban, o sea, unha aldea de locos. As leitugas, as patacas, os tomates, as zanahorias non se plantaban como na nosa Galicia, alí plantábase nas mocetas, non nas terras e nos prados. En vez de dormir de noite, durmían de día, xogaban e baileban de noite.

As prantas en vez de regarse con auga regábanse coa terra e os nenos en vez de nacer da barriga da súa nai saían da terra como as prantas. Como vos podeades ver e imaxinar era un pobo ó revés.

Un día chegou un vello co pelo branco, as pernas tortas e un bigote da cor da neve que lle tapaba os beizos como si fora un enmascarado.

Chamou a tódolos veciños á plaza para explicarlles que todo era ó revés. Despois de moitas sesións loitando cos máis tozudos, chegou a demostrarlles que todo estaba torto e que xa era hora de que se deran conta de que se podía arranxar. Entón, despois de dous ou catro días empezaron a construír as casas e destruír as de debaixo da terra. Todo iba progresando, pouco a pouco..... Xa se podía pensar no sol, nas frores, nos campos cheos de colleitas, xa todo lle gustaba máis á xente...

Nesto, o neno despertou e dixo: ¡Oh, todo era un sono!

Xa sabía eu que así non podía ser.

O RELOXIO DE COCIÑA (Teresa Solla Moares, 6º A)

Era un reloxo de cociña de forma cuadrado, gustáballe moito de-las horas en punto e o demais case non lle importaba.

Un bo día decidiu de-las horas soamente en punto, cando eran as tres a agulla pequena poñíase nas tres e a grande nas doce, e así quedaba hasta que foran as catro.

Os seus anos ó darse conta do ocorrido, levárono o reloxeiro para que o arreglase, pero non poido arreglalo ningún reloxeiro. O seu amo decidiu tiralo, pero á súa filla Ana gustáballe moito este reloxo e díxolle ó seu pai:

-Pai, ¿Que che parece se mo quedo para xogar?

-Estó ben, filla, cólleo, díxolle o pai.

Ana púsoio ó lado da súa cociña de bonecos, pero ó reloxo non lle gustaba estar alí sen que ninguén o poidera utilizar e entón volveu a dar tódalas horas ben.

Ana foi xogar e decatouse de que o reloxo xa daba ben as horas e foillo contar ó seu pai.

- Mira, pai, xa se puxo ben o reloxo.

- É verdade, poñereino no seu sitio de sempre.

Así o reloxo púxose moi ledo e daba as horas alegremente.


#### A PRIMAVERA (Marcos Comedeiro Alvarez, 4º A)

Estamos na primavera, os paxariños cantan e son moi felices, as árbores florecen, as plantas cheiran moi ben, os pastos cheos de flores .

Cando me levanto co canto do galo, abro a fiestra e respiro aire puro. Miña nai dime si lle quero axudar, eu dígolle que sí.

Primeiro empezamos polo porco, que era moi bo. Despois os coellos e o final, as galiñas. O acabar fun xogar co meu can Peter, e cando iba dar unha volta sentín piar un paxariño. Caíra do seu niño.

Eu púxeno no niño. Despois veu a nai e fíxose amiga miña. e desde entón sempre xogamos xuntos, eu, Peter, o can e o paxariño Pin.



# MAIO = BELUSO 88

## Os laretas da escola

Vimos a canta-lo maio  
porque estamos invitados,  
criticando o noso pobo  
anque todo sexa en vano.

Para facer este Maio  
con tantos colgantes novos,  
algún tivo que quedar  
sen as flores e os ovos.

Cambian as cousas os homes  
ó vivir en democracia  
e como os nenos non votan  
ser neno é unha desgracia.

Os rapaces de Beluso  
somos algo máis de mil,  
e non temos para xogar  
un triste parque infantil.

Vexan ben o que nos fan  
non se vaian a enganar,  
hoxe non pintamos nada,  
mañá habemos votar.

San Martiño está cansado  
da nosa Corporación,  
quedouse o pobre sen capa  
por paga-la contribución.

Desde a igrexa, San Martiño,  
o noso alcalde chamou.  
¡Manoliño! ¿Qué me fas?  
voume quedar sen calzóns.

Eu ben te entendo, Martiño,  
dende logo tes razón,  
¿qué raios queres que faga  
con esta corporación?

Martiño, ti falas moito,  
a cousa vains moi mal,  
inda estamos a deber  
un crédito personal

Co cabreo que colleu  
ó sair de Portugal,  
o ministro Alfonso Guerra  
tivo ganas de voar.

Díxolle ó seu secretario:  
Teño gana de mexar,  
levo seis horas na cola  
e non me deixan pasar.

O secretario asustado  
e ó velo alporizado,  
contestou desta maneira  
ó escoita-lo recado:

Como ti andas tan lonxe  
por terras de Portugal  
vouche mandar un avión  
en lugar dun orinal.

Puxeron uns cantos tubos  
no plan do alcantarillado,  
inda están en garantía  
e algún xa está atascado.

A xente ven a Beluso  
e asústase con razón,  
o tufo é máis alarmante  
có desastre do "Casón".

Saen montes e moreas  
e cheiros sin controlar,  
en vez de alcantarillado  
temos central nuclear.

O Beluso é un clube rico  
de campos non che anda mal,  
vanche de Udra a Bueu  
e de Bueu para Aldán.

Cada ano un campo novo  
soñando co gran regalo  
que suporía estrear  
o estadio de Cabalo.

Pero murmuran as xentes  
ó ver que a cousa anda mal,  
que lles vai levar máis tempo  
cás obras do Escorial.

Cantar, cantamos dabondo  
moito quedou par "cantar".  
Xa temos a gorxa enxoiada  
e ímola remollar.

# ENCUESTA

## TEMA: LA DROGA

Los alumnos de 8º A estabamos muy interesados por saber lo que piensan nuestros vecinos acerca de un tema tan importante y preocupante como LA DROGA. Con tal motivo, realizamos el presente cuestionario y encuestamos a: 40 amas de casa, 40 marineros y agricultores, 30 estudiantes de E.G.B., y 25 estudiantes de BUP, FP y Universidad.

El resultado ha sido el siguiente:

- 1.-¿Cuál cree que es la causa fundamental del consumo de la droga?  
EL PARO.....15  
PROBLEMAS FAMILIARES.....14  
MALAS COMPAÑIAS.....89  
OTRAS CAUSAS..... 7
- 2.-Si tuviera algún problema en el tema de la droga, ¿sabría a quién dirigirse?  
SI.....58  
NO.....67
- 3.-¿Conoce Vd. algún drogadicto?  
SI.....67  
NO.....58
- 4.-¿Qué opina de los que consumen droga?  
SON ENFERMOS.....91  
SON DELINCUENTES.....17  
Respuestas varias (son locos, son viciosos, son ignorantes, son listos..) .....17
- 5.-¿Dónde cree que deberían estar los drogadictos?  
EN LA CARCEL.....7  
EN UN CENTRO DE REHABILITACIÓN.....105  
EN SU DOMICILIO..... 13
- 6.-Si tuviera una empresa, ¿daría trabajo a un ex-drogadicto?  
SI.....102  
NO..... 23
- 7.-Si alguna persona le ofreciera droga, ¿qué haría?  
DENUNCIAR EL CASO.....65  
CALLARSE.....58  
TENDRÍA QUE PENSARLO..... 2

Estas han sido las respuestas de las 125 personas encuestados. La interpretación de los datos queda a cargo de Vd., querido lector.

# "DEPORTES"

En los Campeonatos Escolares de este curso nuestro Colegio participó en los siguientes deportes y categorías, quedando clasificado del siguiente modo:

## FUTBITO

Cadete Masc. Subcamp. Comarca  
Infant.Masc. Subcamp. Comarca  
Alevín Masc. 3º de Comarca

## BALONMANO


Infant.Masc. Subcamp. Comarca  
Alevín Masc. 3º de Comarca  
Infant.Femen. Subcamp. de Zona  
Alevín Femen. 3º de Comarca

## CROSS

Alevín Masc. 3º de Comarca  
Alevín Femen. 4º de Comarca

## ATLETISMO

Infant. Masc. 5º de Comarca  
Alevín Masc. 4º de Comarca  
Alevín Femen. 4º de Comarca



## PING-PONG

Los equipos de Ping-Pong de nuestro Colegio hicieron una excelente campaña en los Juegos Escolares.

Cuatro equipos llegaron a las finales Provinciales, quedando dos CAMPEONES PROVINCIALES y los otros dos SUBCAMPEONES.

¡¡ ENHORABUENA A TODOS !!

### - CAMPEONES -

-ALEVIN MASCULINO:

Miguel Angel Patiño

José Ramón Gómez

Tomás Patiño

-CADETE FEMENINO:

Inés Comedeiro

Eva Magdaleno

Mª Jesús Barros



### - SUBCAMPEONES -

-INFANTIL MASCULINO:

Antonio Davila

Esteban Piñeiro

José Davila

-CADETE MASCULINO:

Alvaro Loveira

José M. Fiel Caiño

Pablo Piedras.

Esperemos que para el próximo curso aparezcan nuevas "figuras" de entre los muchos aficionados a este deporte que hay en nuestro Colegio.

# RUMORES

CORREN RUMORES de que los Profesores del Colegio de Beluso hacen huelga porque quieren ver Corrupción en Miami.

CORREN RUMORES de que la moda de este año es estar en huelga.

CORREN RUMORES de que as maestras de Galego quieren facer connosco unha pequena versión de "Los niños cantores de Viena".

CORREN RUMORES de que los repetidores de este año no superarán el millón, por lo que "volverán al próximo programa".

CORREN RUMORES de que en Etiopía el disco más vendido es el superconocido "Galicia Caníbal".

CORREN RUMORES de que D. Luis se ha contagiado de Joaquín Prat y le dice a los alumnos de Octavo: "A jugar"

CORREN RUMORES de que Maravall es el protagonista de la película, producida por el profesorado no universitario, que llevará por título "Solo ante el peligro".

CORREN RUMORES de que algúns alumnos fan chuletas no polvo das persianas do Colexio.

CORREN RUMORES de que o sol tamén está de folga.

CORREN RUMORES de que o equipo que ganou a liga deste ano en Etiopía chámase A FAME NEGRA.

CORREN RUMORES de que o Español non ganou a Copa da UEFA por sobre dosis de aspirinas BAYER.

CORREN RUMORES de que Mendoza va a comprarle a Felipe González el Parque de Doñana para ver si encuentra otro "Buitre".

CORREN RUMORES de que la nueva profesora de Gallego, cuando llegó a este Colegio dijo: "Si lo sé no vengo".

CORREN RUMORES de que los Donuts que venden este año los alumnos de 8º no están buenos porque la vendedora tiene muy mala leche.

CORREN RUMORES de que algunos obreros de Alúmina-Aluminio se subieron a una chimenea para ver pesar el avión de Alfonso Guerra.







CORREN RUMORES de que algunos alumnos de este Colegio suspenden todas las asignaturas, menos la de ping-pong.

CORREN RUMORES de que los profesores de Ciencias no pueden enseñar a sus alumnos algunos bichitos al microscopio por falta de "aguas sucias" en los patios del Colegio.

CORREN RUMORES de que D. Ramón, el conserje, va a poner una tienda de frutas para vender los limones y los nísperos del patio pequeño del Colegio.

CORREN RUMORES de que los mencionados limones no son deñ Caribe, pero sí están perfumados. (Si alguien lo pone en duda, se le invita a que venga personalmente a comprobarlo.

CORREN RUMORES de que CORREN RUMORES de que CORREN RUMORES=.....



Dña DAS  
LETRAS GALEGAS

Otero  
Pechayo

FIN